



**1. EMPRAZAMENTO**




**DATOS XERAIS**

Comarca: Costa da Morte. Sector: Seo de Corcubión. Municipio: Cee e un pequeno extremo ao noreste, en Dumbría. Parroquias: Santa María de Cee na franxa máis setentrional, Santa Baia de Brens no centro, e Santiago da Ameixenda no sur; a esquina noreste pertencente a Dumbría localízase na parroquia de San Pedro de Buxantes. Extensión: 3,42km<sup>2</sup>.

## 2. CARACTERIZACIÓN

### ELEMENTOS NATURAIS



#### AS FORMAS DO RELEVO

Na unidade obsérvase a continuidade da chaira litoral inmediata á costa, e a súa prolongación cara ao leste a través dunha depresión tectónica, na dirección do arroio de Miñóns. Os relevos que encerran a depresión polo norte son sucados por dous cursos fluviais que abren profundos vales, nos que se alcanzan as maiores pendentes da zona (30 - 40 %), xunto ás vertentes do val do propio río Miñor, ao sureste, aínda que as ladeiras meridionais desta chaira son polo xeral, máis suaves.

#### AS UNIDADES LITOLÓXICAS

A unidade encóntrase practicamente por enteiro no Dominio hercínico, aparecendo granitoides migmáticos con abundantes nebulitas. Aparece tamén un pequeno sector no sur con ortogneis biotítico e, no extremo norte, un enclave alongado de xistos e paragneis que pertencen ao Dominio Migmatítico e das Rochas Graníticas, Grupo Laxe, de Idade precámbrico-silúrica. O Cuaternario ademais dos áridos degradados na desembocadura do río de Brens, reside tamén nos depósitos aluviais do tramo baixo do val desta corrente fluvial.

#### A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Temperatura media anual maior de 15°C e amplitude térmica entre 12,5°C e 13,5°C. As precipitacións acumuladas durante o ano superan os 1200mm anuais acadando valores máximos de 1400mm. Dominio climático Cálido e Húmido.

#### OS SOLOS

Intensa transformación urbana e industrial na franxa costeira o que se traduce nun dominio dos antroposois. Os tramos inferiores da vertente e o fondo do val están formados por chans ricos e de maior espesor do tipo cambisol dístrico, e cara á cabeceira esténdense umbrisois dístricos e regosois nos sectores de maior desnivel nos que ademais é frecuente a aparición da roca en superficie.


#### AS AUGAS

Á Barra de Brens, nas Augas Costeiras da costa de Cee (20144), chega o arroio de Miñóns. A partir del a rede hidrográfica ramifícase en varios arrosos: dos que destacan o de Paraíso e o de Cabana como afluentes pola beira dereita.

#### O PATRIMONIO NATURAL

Medio costeiro de esteiro que conta cunha transformación moi intensa na fronte costeira. Na desembocadura do curso principal existe unha pequena zona cos hábitats 1110 e 1140, de bancos areosos ou lamacentos intermareais e submareais superficiais, ademais do 1210, vexetación anual sobre refugallo mariños acumulados. O interior da unidade achega lugares de maior interese natural. Hai que destacar os bosques de ribeira (91E0) dos ríos de Miñóns e de Buxantes, que suman unhas 7ha. Trátase dunha zona con intensa actividade agraria que, coa súa menor presión actual, permite o crecemento de bosquetes de frondosas de repoboación. Entre Santa Baia de Brens, A Grixa e Raso, suman algo máis de 0,8ha. Tamén aparecen algunhas masas mixtas, nas proximidades da Palleira e Fadibón, procedentes dos hábitats 9330, bosques galaicos-portugueses de Quercus robur e Quercus pyrenaica, e 9360, Bosques de Castanea sativ,a prados húmidos con potencialidade para os hábitats 6420.

### ELEMENTOS ANTRÓPICOS



#### USOS DO SOLO

Na unidade predomina o uso agrario, que se estende entre bosques de ribeira e masas mixtas polas zonas chairas do val formado polo Río Brens e os seus afluentes. Asociados a estas terras de cultivo atópanse os núcleos tradicionais de Brens, Raso, Berroxe e Fadibón. As vertentes atópanse repoboadas polo uso forestal, aínda que hoxe en día é máis abundante a matogueira de substitución debido aos incendios acaecidos no ano 2006. Na fronte costeira de esteiro destaca a fábrica de carburos metálicos Ferroatlántica. Trátase dunha das industrias máis representativas da costa da Morte, que se remonta á época na que comezou a explotación do carburo.

#### MORFOLOXÍA

Na paisaxe desta unidade aséntanse catro núcleos tradicionais, coa localización típica destes núcleos, na chaira litoral e dominando as terras de cultivo. Trátase de pequenos asentamentos agrupados de forma radial arredor dun cruzamento de viarios ou unha praza. Cunha tipoloxía común para todos eles, composta por vivendas dunha soa planta, que adoitan ser de pedra e construcións secundarias asociadas (alpendres, hórreos, cuadras...). A expansión dos núcleos desenvolveuse apoiándose nas vías de comunicación, cunha tipoloxía construtiva que non segue o modelo tradicional. Destacar que, na zona oeste da unidade, próxima á fábrica de hidrocarburos, se desenvolveu un asentamento espontáneo, con continuidade na unidade de Cee, dotado de funcionalidade polos equipamentos existentes (Cemiterio, Escola, Casa da cultura...). Ao redor da AC-550 estendéronse construcións espontáneas de tipo residencial.

#### INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

Como sucede en toda a costa de Cee, a infraestrutura principal que cruza a unidade é a estrada AC-550. Este viario ten un trazado sinuoso que transcorre próximo á costa e é onde se asentan a maior parte das construcións espontáneas. Desde este viario parten varias estradas locais que unen a costa cos núcleos de poboación, a máis importante é a C-2302, que transita pola chaira litoral, cruzando o núcleo de Raso con dirección nordés e penetrando no interior do territorio. O resto da rede viaria componse de camiños asfaltados que unen os núcleos de poboación entre si e pistas de terra que dan acceso ás ladeiras dos montes. Cabe destacar a existencia do peirao de Brens, que coa ampliación prevista pasará a ser, por capacidade, un dos máis importantes de Galicia.

#### PATRIMONIO HISTÓRICO

É escaso o patrimonio existente na unidade, o máis salientable é a Igrexa Parroquial de Santa Baia en Brens, de estilo barroco, destaca no seu interior o retablo maior vinculado, pola súa decoración, a famosos artistas galegos. O resto do patrimonio está composto por elementos da arquitectura popular como poden ser cruceiros, hórreos... Dentro do patrimonio industrial, a fábrica de Ferroatlántica conta entre as súas instalacións con edificios de gran valor patrimonial, como o utilizado para os laboratorios da fábrica na praia de Brens.

**O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL**

Esta unidade esta caracterizada polo asentamento da fábrica de Ferroatlántica na zona do esteiro do río Brens que convive coas actividades máis tradicionais desenvolvidas na chaira continental. A fronte costeira próxima a Cee, percíbese como un desenvolvemento periférico.

**DINÁMICA DA PAISAXE**

Hai un certo abandono das terras de cultivo, sobre todo nas zonas máis próximas ás ladeiras dos montes, ocupadas por masas forestais e en maior medida por novas construcións, vinculadas ao desenvolvemento dos núcleos. Ao mesmo tempo, aparecen novas infraestruturas de comunicación, como a C-2302 e a ampliación das existentes. Asociado ao desenvolvemento socioeconómico da unidade xorde a ampliación do peirao público de Brens.


**RISCOS E IMPACTOS**

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

**3. AVALIACIÓN**

**VALORACIÓN DA PAISAXE**

A imaxe desta paisaxe é indisoluble da de Cee. Estamos nunha contorna fortemente urbanizada de marcado carácter industria. É no interior da unidade onde se desvelan os lugares de maior interese, tanto natural como patrimonial, destacando sobre todo as marxes do Río Brens e o seu afluente o arroio Miñóns onde existe un bosque de ribeira de máis de 7 ha que constitúe un ecosistema onde habitan gran cantidade de animais, e particularmente aves. Desde o Monte Pedrouzo podemos obter visibilidade de Cee e Corcubión, e unha boa panorámica da unidade.



## 4. PLANIFICACIÓN

### OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ACCIÓNNS














A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

### ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

### Lenda / Leyenda

#### Usos do solo / Usos del suelo









- |   |  |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais                                |  Matogueiras / Matorrales   |
|  Marismas / Marismas   |  Cultivos e prados / Cultivos y prados                              |
|  Praias / Playas   |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas   |  Viñedos / Viñedos  |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros                  |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico                   |
|  Cantis / Acantilados  |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación                  |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera                                    |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas            |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos                                     |  Outras masas de auga / Otras masas de agua                         |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera                                      |  Canteira / Cantera   |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos   |  Artificial / Artificial  |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización                       |  |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo |  |

#### Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

#### Hidrografía / Hidrografía

#### Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros

#### Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos












#### Batimetría / Batimetría

- |   |   |  |   |   |
|---|---|--|---|---|
|  0 m   |  -20 m |  -100 m |  -500 m  |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

#### Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera
-  Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales
-  Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

#### Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29  
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



